

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLN/2023/15	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	31 de AGOSTO de 2023
Duración	Desde as 21:00 ata 21:30 horas
Lugar	SALÓN DE PLENOS

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
45845184C	ALBA QUINTELA VILARIÑO	SI
78792417Y	ANA BELÉN DEL RÍO GONZÁLEZ	SI
78797031C	ANDRÉS CASTRO ABELLEIRA	SI
45961024D	ANXO NÚÑEZ FERNÁNDEZ	SI
44843850Z	CARLOS LEIS PEDROSA	SI
44817796L	DANIEL RODRÍGUEZ GÁNDARA	SI
79327212M	DOMINGO ANTONIO TRONCOSO MARTELO	SI
78787194G	FRANCISCO CALO ABELLEIRA	SI
79327861X	JOSE MANUEL RAMOS CAAMAÑO	SI
33265012C	JOSÉ ANTONIO CAAMAÑO LESTÓN	SI
78793193T	MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ	SI
33260032P	MARÍA BEATRIZ MOLINOS VIDAL	SI
33277711T	MARÍA SOLEDAD AGRA TUÑAS	SI

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día



A) PARTE RESOLUTIVA

1.- Aprobación da acta da sesión anterior

Favorable

Tipo de votación

Apróbanse por unanimidade as actas correspondentes aos plenos extraordinarios celebrados con data do 07.07.2023 e 24.07.2023.

2. Expediente 552/2022. Procedemento xenérico.

Favorable

Tipo de votación

DEBATE

O Sr. González indica que consiste na proposta dos días festivos de 2024 e que a proposta corresponde aos días 14 de febreiro, mércores de cinza, e luns 24 de xuño, San Xoán.

VOTACIÓN

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

PP: 6 abstencións

CO: 4 votos a favor

BNG: 2 votos a favor

GRUPO MIXTO-PSOE: 1 voto favor

ACORDO

PRIMEIRO.- Fixar como días festivos para o ano 2024 as seguintes datas:

- Mércores 14 de febreiro (Mércores de cinza);
- Luns 24 de xuño (San Xoán).

SEGUNDO.- Comunicar a presente á Xefatura territorial de Emprego e Igualdade (S.M.A.C.), para o seu coñecemento e efectos.

3. Expediente 298/2023. Subvencións solicitadas a outra administración.

Favorable

Tipo de votación



DEBATE

O Sr. González indica que o contido da presente proposta referida ao POS adicional 2/2023 que como saben a Deputación da Coruña lanza unha convocatoria para financiar dito plan e no que no seu momento fíxose unha proposta no ordinario e que incluía unha serie de actuacións complementarias. As complementarias que se aprobaron no seu momento son inferiores ao que finalmente se aprobou pola Deputación. Polo tanto, temos unha cantidade extra e a proposta que facemos e adicalo a gasto corrente e fundamentalmente a servizos básicos, xa que hai unha serie de partidas que o precisan, como son os gastos enerxéticos.

Toma a palabra a Sra. Molinos que indica que o PP é a preocupación sobre as manifestacións que fixo o Sr. Alcalde en funcións na Comisión informativa de servizos previa a este pleno na que se facía referencia a necesidade de destinar 93.826,88€ do POS adicional da Deputación ao financiamento de gastos correntes do Concello en decrecemento da súa utilización e investimentos que melloren a vida dos veciños e manifestou que a causa era que se estaba dando un problema de liquidez na economía do Concello. Iso é o que nos preocupa, que no noso Concello haxa problemas de liquidez que deriven nunha situación económica que non permita efectuar debidamente os pagos correntes do Concello. Tamén hai que dicir que non é algo que nos colla por sorpresa xa que xa se reflectía na acta de arqueo, na que se reflectía que os saldos bancarios das contas do Concello baixaron, a xuño deste ano, 3.337.541,12€ con respecto ao consignado a xuño de 2019 cando Compromiso Outes comezou o seu mandato o que indica que a liquidez en relación desde xuño deste ano ao 2019 a contía mencionada. É unha diferenza notable e aí queda o dato para a súa análise.

A nós parécenos que os problemas de liquidez son froito dunha mala xestión económica dos recursos do Concello e tamén de non confeccionar o orzamento anual en tempo e forma permitindo así que os recursos comúns se atopen actualizados con relación as necesidades actuais e non traballar con orzamentos prorrogados de anos anteriores que non permiten facer fronte a esas necesidades.

Segundo se ve no informe de intervención estes 93 mil e pico de euros empregáranse en conceptos de bens e servizos correntes, no servizos de recollida



domiciliaria de lixo e alumado público. Neste punto pensamos que é preciso recordar que ademais desta cantidade, no mes de febreiro tamén se destinaron a gasto corrente 152.841 € da achega provincial do 2023 tamén do POS 2023 o que quere dicir quedo 886.846 € que lle corresponde ao Concello de Outes do POS+ 2023 adicaron vostedes 246.707€ a gasto corrente 27,82% da totalidade do montante do POS. Con estes cartos ben se podían acometer algunhas actuacións, e fai referencia e enumera algunhas delas e que foron presentadas mediante moción polo PP e que foi aprobada polo Pleno e cos votos a favor de CO e incumpriron o seu compromiso plenario. Ademais hai outras actuacións que se poderían facer con eses cartos.

Na Comisión informativa o Sr. Núñez como alcalde en funcións tamén fixo referencia a que se estaba tendo un gasto enerxético moi alto e nós preguntámonos como sucede isto se no anterior mandato se levou adiante un proxecto que ía supoñer un aforro de 40.000 euros ao ano en enerxía, iso era o que se prometía. Proxecto financiado en parte por fondos FEDER e xestionado polo IDAE e dicimos financiados en parte porque máis de 106.000 € financiarnos con recursos do concello e engadirlle extras como son cuestións imprevistas na execución do proxecto como os 26.000€ por exceso de medición asumiu o Concello e o resto do total pensamos que foi pagada polo Concello, xa que, a día de hoxe esa axuda aínda no foi traspasada ao Concello. Descoñecemos a situación e nos gustaría que nos dixera se estamos se estamos equivocados ao respecto e se nalgún momento se solicitou máis documentación por parte do IDAE da que enviaron na primeira vez. Se non estamos equivocados ese macro proxecto o que aportou ao Concello foi que non se aforrara nada na factura enerxética dos alumados públicos e que se desembolsara arredor dun millón de euros, que a ben seguro ten que ver co problema de liquidez que comentaba o Sr. Núñez e que provocaría que sexa necesaria prescindir de certa parte dos cartos do POS 2023 para adicalos a investimentos.

Non estamos de acordo co que propón o goberno neste punto e queremos puntualizar que o que se pretende aprobar hoxe non son as obras ás que fixo mención o Sr. Alcalde do Plan Complementario, que xa foron aprobadas no Pleno de febreiro, e o único que é suxeito de aprobación neste Pleno é que o tripartito destine 93.826,28€ do POS + a gasto corrente en decrecemento da súa utilización en investimentos.

Toma a palabra o voceiro do BNG o Sr. Núñez que indica que o que se está aprobando son investimentos que se van a repercutir na veciñanza, as facturas hainas que pagar e o gasto enerxético hai que suplilos. Falan de que houbo unha



mala xestión e, efectivamente, ao longo destes anos este Concello fixo investimento sen calcular como repercutiran no tempo e agora temos que lidiar con eles. Hai que facer actuacións como por exemplo o arranxo da cuberta da piscina municipal nun edificio que ten menos de 20 anos porque chove dentro e porque non se fixo unha bo xestión do diñeiro público. Polo tanto, efectivamente, hai que ir arranxando as cousas que veñen de longo para poder actuar e facer cousas novas. Entendemos que é algo sinxelo e non sei onde vostede escoitou que hai problemas de liquidez e que eu dixen que había eses problemas. O que dixen foi que había un aumento do gasto enerxético e polo tanto vemos a necesidade de destinar esta contía do gasto corrente as este aspecto. A continuación vostedes fanse negacionistas da realidade, din que se se reduciron en tres millóns de euros, que queren que non se usen? E despois din que non se fan obras. O diñeiro está para usalo a favor dos veciños e para facer investimentos e pagar as facturas para que non queden pendentes de pago e ademais non querían que cambiásemos as luminarias? Non querían que se fixera un proxecto de cambio e renovación das luminarias? Que pretenden que sigamos con farolas doutro século neste Concello? A verdade que nos costa moito entender. Este concello ten que avanzar e isto é un gasto necesario e un investimento necesario.

Toma a palabra o Sr. González que de xeito breve indica que está seguro que o alcalde en funcións non se refería a problemas de liquidez senón a que o orzamento hai unha serie de partidas e hai uns créditos dotados e pode haber algunhas desas partidas que sexa insuficiente e que nos condicione a área de gasto corrente de servizos básicos e non implica problema de liquidez. Con relación ao remanente vostede unha parte, xa que, temos unha depurador que levaba anos sen funcionar, na que houbo que gastar máis de 230.000 €, por certo depuradora que non nos custa pouco porque agora está funcionando non como antes e isto supón uns gastos de funcionamento e gastos enerxéticos, pero temos unha depuradora funcionando. Temos museo da ribeira que se financiou cos remanentes, temos un a substitución do alumeado que tivemos que aportar unha parte importante e aínda non recibimos a subvención do IDAE e iso afecta ás caixas e todo iso se fixo co remanente e fixéronse investimentos importantes e necesarios para atender cuestións que estaban sen ser atendidas polo anterior goberno e que cremos que son moi importantes.

O que facemos agora, temos unha serie de gastos nos servizos básicos, gastos correntes, no que a dotación orzamentaria que temos é insuficiente (fai referencia a cuestións tocadas pola FEGAMP que tamén afecta aos concellos e polo que se ven afogados). En definitiva, no vemos ningún inconvinte de adicar este



montante a gasto corrente, pensamos que vai ser unha dinámica, non só neste concello senón en outros concellos moi habitual nos vindeiros exercicios.

Toma a palabra a Sra. Molinos que indica que o Sr. Núñez indica que non recorda dicir que había certos problemas de liquidez no Concello e polo tanto había que utilizar estes cartos en gasto corrente, pero díxoo vostede na Comisión de servizos e di o Sr. Alcalde que non se quería referir vostede ao gasto corrente pero o que dixo foi eso. É certo que os cartos están para gastalos non para despilfarralos e di que hai que gastalo en investimentos pero o gasto corrente non son investimentos, son outras cousas. En canto a que agora van actuar á piscina municipal porque está mal feita, recórdolle que a piscina municipal é do ano 2007 e creo recordar que nese ano foi feita con parte de axuda da Xunta de Galicia e parte da Deputación e se non recordo mal no ano 2007 na Xunta de Galicia gobernaba o BNG e PSOE e non sei se ten algo que ver coa historia ou non, vostedes dirán.

Por outra banda, o PP por suposto que quería ese cambio nas luminarias así como neses anos nos que vostedes din que non se fixo absolutamente nada o que se fixo foi cambiar moitas desas luminarias sen que lles custase un peso ao concello. Cambiáronse que eu recorde as luminarias de tódolos tramos urbanos do Concello, cambiouse todo alumado público dende Fontelos ata Ceilán, cambiáronse o alumado público de Valadares, o de Cuns e algún máis. Iso fíxose sen custo para o Concello, xa que, se fixo cos Fondos de Compensación ambiental e encanto a depuradora naquel momento sacouse un proxecto para o seu arranxo e deixouse enriba da mesa para que Compromiso por Galicia entrou neste goberno un Convenio por valor de 100.000 € para levar a cabo ese proxecto. De todos xeitos, dende o 2019 para atrás fixéronse as análises correspondentes ás augas da depuradora e con resultados positivos. Está vostede en condicións de dicir que nestes catro anos anteriores fixo o mesmo? Que fixeron eses análises e que tiveron resultado positivo? E pouco máis que dicir ao respecto.

Toma a palabra o Sr. Núñez que quere facer un resume é que as luminarias aforran cando as realiza o PP e cando gobernamos o resto aumenta o gasto enerxético. É moi fácil coller unha parte da historia e quedarnos coa parte que nos gusta pero a realidade é que os prezos da electricidade suben, que vostedes deixaron máis facturas de electricidade polo que é máis complicado fiscalizalo gasto e que iremos solventando co paso do tempo.

VOTACIÓN



Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

PP: 6 votos en contra

CO: 4 votos a favor

BNG: 2 votos a favor

GRUPO MIXTO-PSOE: 1 voto favor

ACORDO

1.- Participar na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) **“POS+ ADICIONAL 2/2023** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

A) Financiamento de gastos correntes:

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados no 2023, distintos dos solicitados, de ser o caso, no POS+ 2023 base	93.826,28 €

B) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles non solicitados na 1ª fase do POS+ Adicional 2/2023:

Investimentos financeiramente e sostibles SI incluídos no Plan Complementari o ao POS+ 2023	Financiamento dos investimentos				Orzamento total
	Deputación	Concello		Total concello	
		Achega municipal	IVE soportado deducible		
TOTAL	0	0	0	0	0

Investimentos financeiramente e sostibles NON incluídos no Plan	Financiamento dos investimentos				Orzamento total
	Deputación	Concello		Total concello	
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando		



Complementari o ao POS+ 2023			sexa deducible nos abastece m. auga potable)		
TOTAL	0	0	0	0	0

C) Resumo de financiamento:

POS+ ADICIONAL 2/2023 2ª FASE	Deputación	Concello		
		Concello	IVE Soportado deducible	Total concello
Gastos correntes do 2023 distintos dos solicitados no Plan Base	93.826,28 €			
Investimentos incluídos no Plan Complementari o ao POS+ 2023				
Investimentos novos non incluídos no Plan Complementari o ao POS+ 2023				
TOTAL	93.826,28 €			

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2023 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2023, se a houbera.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.



5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

C) ROGOS E PREGUNTAS

PREGUNTAS

- DO PLENO ANTERIOR:

• Do PP:

PREGUNTA 1. Estamos rematando o mes de agosto e moitas das nosas parroquias xa celebraron as súas festas parroquiais para as cales solicitaron no seu día ante o Concello a súa correspondente axuda económica. Con respecto a este asunto, preguntámoslle ao Goberno Municipal o seguinte:

- ¿Xa foron abonadas estas axudas?
- De non seren aboadas, que previsión teñen para facer o pagamento das mesmas?

Responde o Sr. Núñez que indica que nos últimos dous anos procedeuse ao remate do ano contable, polo tanto, desta maneira redúcese a carga de traballo do persoal do Concello e cremos que é máis adecuada agardar a que remate a época de festas e inciar o expediente e proceder co pagamento antes de que remate o ano. O ano pasado pagouse se non me equivoco o 30 de decembro.



Indica o Sr. Calo que o que quere dicir é que non están pagadas as axudas e cal é a previsión que teñen? Ao que o Sr. Núñez resposta que antes de que remate o ano farase o expediente para proceder ao pago ás asociacións que solicitaron a axuda.

PREGUNTA 2. Chegáronnos varias queixas de usuarios da praia de Broña advertíndonos de que os socorristas non dispuñan de servizo de embarcación de rescate na praia. Con respecto a este asunto, preguntámoslle ao Goberno Municipal o seguinte:

- ¿E certo que durante varias xornadas ou parte delas na praia de Broña os socorristas non tiveron unha embarcación de rescate no areal para realizar a súa labor?
- Se isto e certo, durante cantos días estivo a praia de Broña sen servizo de embarcación de rescate a xornada completa?

Responde o Sr. Ramos que indica que o servizo de socorrismo dispuxo durante tódolos días do horario de traballo de lancha motora e non vexo de onde veñen as queixas, xa que, só non estaría no caso de que o mar non estivera en condicións adecuadas para andar nela. Pero sempre estivo dispoñible a embarcación.

Remata a sesión ás 21:30 horas do que, como Secretaria, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

